

REGULAMENTO DE PRÁCTICAS EXTERNAS DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA FACULTADE DE DEREITO

Artigo 1. Obxecto, réxime xurídico e ámbito de aplicación

1. A presente normativa ten por obxecto o ordenamento das prácticas externas do alumnado matriculado no Máster universitario en avogacía da Facultade de Dereito de Ourense.

As prácticas académicas externas realizaranse ao abeiro do convenio de cooperación educativa e de acordo co establecido no Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece o ordenamento das ensinanzas universitarias oficiais; no Real decreto 775/2011, do 3 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da lei 34/2006, do 30 de outubro, sobre o acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais; no Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo, tras ser aprobado polo Consello de Goberno do 24 de maio de 2012; na Resolución reitoral, do 21 de febreiro de 2013, pola que se fai pública a instrución que establece o procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas curriculares na Universidade de Vigo; no Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, aprobado polo Consello de Goberno do 16 de maio de 2012; no plan de estudos da titulación oficial de Máster universitario en avogacía publicado pola Resolución reitoral da Universidade de Vigo, do 13 de febreiro de 2014; e na presente normativa.

2. Entran dentro do ámbito desta normativa as prácticas externas realizadas polo estudiantado do Máster universitario en avogacía da Facultade de Dereito nas materias de Prácticas externas básicas e de Prácticas externas. Inclúense as realizadas no estranxeiro a través do programa Erasmus ou doutros, a través de convenios bilaterais con outras universidades ou institucións, así como as realizadas a través de programas nacionais de mobilidade e de intercambio universitarios.

Artigo 2. Definición, natureza e características das prácticas externas

1. As prácticas externas constitúen unha actividade de natureza formativa realizada polo alumnado universitario e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo principal é permitir que este complemente e aplique os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo en xeral o desenvolvemento das competencias necesarias para o exercicio da profesión de avogacía.

2. As prácticas externas poderán realizarse en entidades colaboradoras, tales como xulgados ou tribunais, fiscalías, sociedades ou despachos profesionais de avogados, empresas, departamentos xurídicos ou de recursos humanos das administracións públicas, institucións oficiais ou empresas, no ámbito nacional e internacional. Sempre que as prácticas consistan en actividades propias da avogacía, unha parte delas poderanse desenvolver en establecementos policiais, centros penais, de servizos sociais ou sanitarios e en entidades que desenvolvan actividades de interese xeral de acordo co previsto no artigo 4 da Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado e que estean formalmente recoñecidos ante a autoridade nacional ou autonómica competente.

Artigo 3. Xestión e sinatura do convenio de cooperación educativa

1. Co obxecto de poder ofertar prazas para realizar as prácticas externas é preciso que se subscriban convenios de cooperación educativa coas entidades colaboradoras interesadas. A xestión e a sinatura dos devanditos convenios farase, con carácter xeral, consonte o disposto na Resolución reitoral, do 21 de febreiro de 2013, pola que se fai pública a instrución que establece o procedemento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas curriculares na Universidade de Vigo e de acordo co Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.

2. En cumprimento do disposto na cláusula cuarta do Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, compételle a este garantir o cumprimento dos requisitos do período de prácticas establecido no Regulamento da lei de acceso para todos os/as estudantes matriculados no mestrado.

Artigo 4. Contido das prácticas externas

1. As prácticas externas curriculares representarán un mínimo de 30 ECTS. A materia de Prácticas externas básicas, de polo menos 6 ECTS, terá unha duración mínima de 150 horas e desenvolverase durante o segundo cuadrimestre do primeiro curso académico. A materia de Prácticas externas, de polo menos 24 ECTS, terá unha duración mínima de 600 horas e desenvolverase no primeiro cuadrimestre do segundo curso académico. O alumnado que realice máis horas de prácticas nunha entidade/empresa e supere os créditos atribuídos, respectivamente, ás materias de Prácticas externas básicas e de Prácticas externas, poderá solicitar o seu recoñecemento como prácticas externas extracurriculares.

2. O programa de prácticas terá, entre outros, os seguintes obxectivos:

- a) Enfrontarse a problemas deontolóxicos profesionais.
- b) Familiarizarse co funcionamento e coa problemática de institucións relacionadas co exercicio da profesión de avogacía.
- c) Coñecer a actividade doutros operadores xurídicos e profesionais, relacionados co exercicio da súa profesión.
- d) Recibir información actualizada sobre o desenvolvemento da carreira profesional e as posibles liñas de actividade, así como sobre os instrumentos para a súa xestión.
- e) En xeral, desenvolver as competencias necesarias para o exercicio da profesión de avogado/a.

3. As prácticas externas axustaranse ao disposto no proxecto formativo incluído no anexo do convenio de cooperación educativa suscrito con cada unha das institucións que vaian ofrecer prazas para realizar as prácticas. O proxecto formativo especificará os obxectivos de competencias e de actividades de cada unha das prácticas. En todo caso, a través do devandito proxecto formativo desenvolveranse as competencias de aprendizaxe previstas na guía docente da materia, sen que se poidan incluír outras.

Artigo 5. Proxecto formativo

1. O proxecto formativo é o documento no cal se concreta a realización de cada práctica e no que se deberán fixar os obxectivos educativos e as actividades que se van

desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias recollidas na guía docente da materia.

2. Haberá un proxecto formativo marco para o Máster universitario de acceso á avogacía, que se adaptará ás características de cada entidade colaboradora e se achegará a cada convenio particular.

Artigo 6. Persoas destinatarias das prácticas externas

1. Poden realizar as prácticas externas:

- a) O alumnado matriculado no Máster de acceso á avogacía da Facultade de Dereito, nas materias de Prácticas externas básicas e de Prácticas externas.
- b) Os e as estudantes doutras universidades españolas e estranxeiras que estean realizando estadías de estudo na Universidade de Vigo en programas de mobilidade académica ou por convenios bilaterais.

2. Durante o período de realización da práctica externa non se poderá manter ningunha vinculación contractual coa entidade colaboradora en que se realice.

3. Para a cobertura das posibles continxencias que xurdisen no desenvolvemento das prácticas académicas externas, a Universidade de Vigo ten subscrito un seguro de accidentes, complementario ao seguro escolar, e outro de responsabilidade civil que cubre os riscos inherentes á súa realización.

As prácticas que se realicen no estranxeiro débennlle ser comunicadas de forma expresa á vicerreitoría da Universidade de Vigo competente para estudar o risco coa aseguradora.

Artigo 7. Procedemento de asignación de entidades/empresas ao alumnado matriculado no Máster universitario en avogacía

1. No cuadrimestre anterior ao comezo das prácticas, a comisión académica do mestrado (CAM), por proposta do coordinador/a profesional do mestrado, publicará a oferta de prácticas e fará constar, na medida do posible, os seguintes datos:

- a) O nome ou razón social da entidade colaboradora onde se desenvolverá a práctica, con indicación das prazas ofertadas por cada unha delas.
- b) O centro, localidade e dirección onde terán lugar.

- c) O proxecto formativo, actividades e competencias que se desenvolverán.
 - d) As datas de comezo e fin das prácticas, así como a súa duración en horas, con indicación do número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario asignado.
 - e) O titor/a académico e profesional asignado a cada praza.
2. A citada oferta será obxecto de publicidade entre o alumnado a través dos taboleiros de anuncios da Facultade de Dereito e da páxina web do Máster universitario en avogacía.
3. Abrirase un prazo non superior a dez días para que o alumnado lle manifeste as súas preferencias por escrito ao coordinador/a profesional do mestrado (modelo de solicitude, anexo I).
4. Corresponderalle realizar unha proposta de asignación ao alumnado das prazas de prácticas externas ao coordinador/a profesional do mestrado, tendo en conta os seguintes criterios, na orde de prelación que veñen establecidos, e garantindo, en todo caso, os principios de transparencia, publicidade, accesibilidade universal e igualdade de oportunidades:
- a) As preferencias do estudiantado.
 - b) Criterios obxectivos de mérito e capacidade resultantes da nota media do expediente académico da titulación de acceso para a materia Prácticas Externas Básicas e das avaliacións do período formativo do mestrado para a materia Prácticas Externas.
 - c) A adecuación do currículo de cada estudante ás características propias da actividade profesional desenvolvida no despacho e na área de traballo das prazas ofertadas.

No caso de discapacidade do alumno/a, outorgaráselle prioridade co obxecto de que poida optar a empresas en que estean aseguradas todas as medidas de accesibilidade universal, incluídas as referidas ao transporte para o seu traslado e acceso a estas.

5. Esta proposta será elevada á CAM, que aprobará e publicará unha resolución provisional de adxudicación das prácticas ofertadas. O alumnado que non estea conforme con ela contará cun prazo de cinco días hábiles para presentar as súas

reclamacións ante a CAM, que as resolverá no prazo máximo de sete días hábiles e ditará a resolución definitiva de asignación das prácticas.

6. O alumnado deberá elixir unha das prácticas ofertadas e asinar o compromiso do/a estudante antes de comezar as prácticas. Unha vez aceptada unha das prácticas non poderá cambiala. E para que a práctica quede formalizada o titor/a académico, o titor/a profesional e o/a estudante deben asinar a formalización da práctica (anexo II, formalización da práctica académica externa). O documento deberá estar depositado a disposición do coordinador/a de prácticas antes do seu comezo.

Artigo 8. Estudantes con necesidades especiais

1. En caso de estudantes con necesidades especiais, a CAM poderá autorizar, atendendo á petición dos alumnos e previa presentación da xustificación oportuna, unha maior flexibilidade horaria, a realización de parte das tarefas desde un lugar distinto ao da entidade colaboradora onde habitualmente se desenvolven as prácticas, baixo a supervisión dos titores profesional e académico, unha modificación das datas de comezo e fin das prácticas ou outras medidas co fin de atender as necesidades especiais do alumnos.

2. Poderán considerarse necesidades especiais a minusvalidez, o embarazo e/ou parto, a enfermidade, as responsabilidades familiares, a compatibilidade con actividade laboral ou deportes de alto nivel ou alto rendemento e calquera outra análoga ou grave. Estas situacións serán valoradas pola CAM en cada caso concreto, logo da solicitude do alumno, co fin de recoñecer ou non a condición de estudante con necesidades especiais.

Artigo 9. Dereitos e deberes do alumnado en prácticas

1. Durante a realización das prácticas externas, os/as estudantes terán os seguintes dereitos:

- a) Á tutela, durante o período de duración da correspondente práctica, por un profesor/a da universidade e por un/unha profesional que preste servizos na empresa, institución ou entidade onde se realice esta.
- b) Á avaliación de acordo cos criterios establecidos nesta normativa e nas guías docentes das materias de prácticas externas.

- c) Á obtención dun informe por parte da entidade colaboradora onde realizou as prácticas, con mención expresa da actividade desenvolvida, a súa duración e, no seu caso, o seu rendemento.
- d) Á propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.
- e) A recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.
- f) A cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.
- g) A dispor dos recursos necesarios para acceder os/as estudantes con discapacidade á tutela, á información, á avaliación e ao propio desempeño das prácticas en igualdade de condicións.
- h) A conciliar, no caso do estudiantado con discapacidade, a realización das prácticas coas actividades e coas circunstancias persoais derivadas ou conectadas coa situación de discapacidade.
- i) Outros dereitos previstos na normativa vixente e nos convenios de cooperación educativa subscritos coa entidade colaboradora.

2. Así mesmo, durante a realización das prácticas externas cada estudante deberá atender ao cumprimento dos seguintes deberes:

- a) Cumprir a normativa vixente relativa a prácticas externas.
- b) Coñecer e cumprir o proxecto formativo das prácticas seguindo as indicacións do titor/a asignado pola entidade colaboradora baixo a supervisión dos tutores/as profesionais e académicos.
- c) Manter contacto cos tutores/as profesional e académico durante o desenvolvemento da práctica e comunicarlles calquera incidencia que lle poida xurdir, así como facer entrega dos documentos e dos informes que lle sexan requiridos, e en todo caso da memoria final.
- d) Incorporarse á entidade colaboradora de que se trate na data acordada, cumprir o horario previsto no proxecto educativo e respectar as súas normas de funcionamento, seguridade e prevención de riscos laborais.
- e) Desenvolver o proxecto formativo e cumprir con dilixencia as actividades acordadas coa entidade colaboradora conforme as liñas establecidas neste.

- f) Elaborar a memoria final das prácticas, prevista nesta normativa e, no seu caso, o informe intermedio.
- g) Gardar confidencialidade en relación coa información interna da entidade colaboradora sobre as súas actividades, durante a súa estancia e unha vez finalizada.
- h) Mostrar, en todo momento, unha actitude respectuosa cara á política da entidade colaboradora.
- i) Calquera outro deber previsto na normativa vixente e no convenio de cooperación educativa.

Artigo 10. A coordinación do programa de prácticas

1. A coordinación dos programas de prácticas correspóndelle ao coordinador/a profesional do mestrado, consonte o previsto no Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense. O coordinador/a seleccionará os despachos, institucións ou entidades onde se realicen as prácticas.
2. O coordinador/a profesional será o encargado de elaborar a proposta de plan de prácticas e o seu cronograma para sometelos á aprobación da CAM.
3. Correspóndelle ao coordinador/a profesional do mestrado proporlle á CAM a designación dos titores/as profesionais que dirixan as prácticas.
4. Así mesmo, correspóndelle ao coordinador/a profesional do mestrado establecer os mecanismos de control precisos para comprobar o axeitado desenvolvemento e realización do proxecto formativo das prácticas externas, conforme o establecido na Lei e no Regulamento de acceso á avogacía, así como na memoria para a verificación do título oficial do mestrado.

Artigo 11. Coordinación académica das materias Practicas externas básicas e Prácticas externas

Os coordinadores/as académicos das materias Practicas externas básicas e Prácticas externas serán os encargados de elaborar a guía docente das respectivas materias. Serán

tamén as persoas responsables de cubrir as actas desas materias nos prazos establecidos no calendario escolar, segundo a información que lles acheguen os tutores/as académicos cando finalice o proceso de avaliación das prácticas.

Artigo 12. Tutorías

1. Para realizar as prácticas externas, os/as estudantes contarán cun equipo de tutoría integrado por un titor/a académico da universidade e un titor/a da entidade colaboradora á fronte dos cales estará o titor/a responsable do equipo de tutoría, que deberá ser un avogado/a que exerce a profesión durante polo menos cinco anos.

2. A CAM designará, ao comezo de cada curso académico, un ou varios tutores/as académicos das prácticas externas. Para poder ser titor/a académico das prácticas é preciso impartir docencia no Máster universitario de acceso á avogacía e ter unha vinculación a tempo completo coa Universidade de Vigo.

3. O alumno/a debere contar na institución colaboradora cun titor/a que supervisará e dirixirá o seu proceso de aprendizaxe. Ao concluír as prácticas o titor/a da entidade colaboradora deberá remitirle ao/á responsable do equipo de tutoría do alumno/a un informe de seguimento das prácticas, que se axustará ao modelo incorporado ao anexo III desta normativa. Este informe debe ser confidencial, de modo que, na fase previa á cualificación, só poderán ter acceso a el o/a responsable do equipo de tutoría e o titor/a académico. Evitarase en todo momento entregarllo ao alumno/a. Este só poderá coñecer o seu contido unha vez sexa informado oficialmente da nota alcanzada na materia.

Artigo 13. Dereitos e deberes do titor/a académico

1. O titor/a académico da universidade terá os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento efectivo da súa actividade académica nos termos que estableza a universidade, de acordo coa súa normativa interna.
- b) A ser informado sobre a normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolve a estancia do/a estudante que se vai titorizar.

2. Así mesmo, terá os seguintes deberes:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario de realización das prácticas coas obrigas académicas, formativas e de representación e participación do/a estudante.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose para iso co resto de titores/as do equipo de tutoría.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Levar a cabo o proceso avaliador das prácticas do/a estudante tutelado de acordo co que se establece nesta normativa.
- e) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza como consecuencia da súa actividade como tutor/a.
- f) Informar o órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- g) Supervisar e, no seu caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que os e as estudantes con discapacidade realicen as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.
- h) Así mesmo, tamén debe velar polo íntegro cumprimento dos labores e dos compromisos tanto do/a estudante como da empresa ou institución colaboradora.

Artigo 14. Dereitos e deberes do titor/a da institución colaboradora

1. O titor/a da entidade colaboradora terá os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora, nos termos previstos no convenio de cooperación educativa.
- b) A ser informado sobre a normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo e das condicións do seu desenvolvemento.

2. O titor/a da entidade colaboradora terá, así mesmo, os seguintes deberes:

- a) Acoller cada estudante e organizar a actividade que se vai desenvolver con arranxo ao establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.

- c) Informar o/a estudante da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co resto de membros do equipo de tutoría o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio de cooperación educativa, incluíndo as modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento da práctica, así como a comunicación e resolución de posibles incidencias que puidesen xurdir no seu desenvolvemento e o control de permisos para realizar os exames.
- e) Emitir os informes referidos a esta normativa.
- f) Proporcionarlle ao/á estudante os medios materiais indispensables para desenvolver a práctica.
- g) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do/a estudante.
- h) Gardar confidencialidade en relación con calquera información coñecida do estudante como consecuencia da súa actividade como tutor/a.
- i) Prestarlle axuda e asistencia ao estudantado, durante a súa estancia na entidade, para resolver as cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza nela.

Artigo 15. Informes dos tutores/as e do/a estudante e avaliación das prácticas

1. A avaliación das prácticas será levada a cabo polo tutor/a académico asignado a cada estudante.

2. Para poder ser avaliado positivamente é necesario:

- a) Non faltar máis dun 10 % das horas que conforman a práctica. No caso de que as faltas sexan xustificadas e superen a porcentaxe anterior, a CAM decidirá se o/a estudante pode ser avaliado positivamente. O tutor/a da entidade externa poñerá en coñecemento do coordinador/a profesional as faltas de asistencia xustificadas e inxustificadas do alumno/a ás prácticas externas para os efectos oportunos.
- b) Que a cualificación global que figure no informe de seguimento emitido polo tutor/a da entidade externa sexa igual ou superior a cinco puntos sobre dez (anexo III, informe do tutor/a da entidade externa). O tutor/a da entidade externa avaliará as competencias concretas que a/o estudante debe adquirir segundo a

guía docente, valorando especialmente o desenvolvemento das competencias e habilidades necesarias para o exercicio da profesión de avogado, ítem do anexo III no que se representan as demais competencias.

c) Entregarlle o seu informe de prácticas ao titor/a académico no prazo dos sete días hábiles contados dende o día en que conclúen as prácticas. Este informe de prácticas estará constituído por un informe do propio alumno/a sobre a avaliación das prácticas e das suxestións de mellora (anexo IV, informe do estudante) e pola memoria final das prácticas externas do/a estudante, que como mínimo conterá a seguinte información:

- Datos persoais do/a estudante.
- Nomes do titor/a académico e do departamento da Universidade de Vigo ao que pertence.
- Nome e cargo do titor/a na empresa.
- Nome e localización da empresa ou entidade onde realizou as prácticas.
- Breve descrición da empresa, do sector ao que pertence e das súas liñas de traballo principais.
- Descrición concreta e detallada das tarefas, dos traballos desenvolvidos e dos departamentos da empresa ou entidade aos que estivo asignado.
- Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e coas competencias adquiridas en relación cos estudos universitarios cursados.
- Relación dos problemas técnicos presentados e o procedemento seguido para resolvelos.
- Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- Breve descrición das incidencias xurdidas ao longo das prácticas que lle foron comunicadas ao titor/a académico, así como as solucións adoptadas.
- Avaliación das practicas e das suxestións de mellora segundo o anexo IV «Informe do estudante».
- Outros documentos esixidos polos programas de prácticas internacionais.

3. O titor/a académico elaborará un informe de valoración final (anexo v, informe do titor/a académico) no cal determinará a cualificación final, con base nas especificacións da guía docente da materia, e unha vez supervisadas a memoria final entregada polo/a estudante, o informe do titor/a profesional e o informe do/a estudante.

Se a cualificación obtida no informe de seguimento do titor/a da entidade colaboradora é igual ou superior a cinco, a avaliación do devandito titor/a representará o 85% da cualificación global da materia e a do titor/a académico o 15% restante. Para obter unha cualificación de 9 ou superior, será necesario que o/a estudante obteña a cualificación do sobresaínte en ambas as dúas avaliacións. No caso de que o/a estudante non reúna algún dos tres requisitos enumerados nas letras a), b) e c) do apartado 2 deste artigo, recibirá a cualificación de «Suspenso».

4. Unha vez finalizado o proceso de avaliación, o titor/a académico porá en coñecemento dos coordinadores das materias a cualificación final e asinará e entregará na secretaría do centro os certificados de prácticas en empresas (certificado acreditativo de realización de prácticas académicas externas, anexo VI). Os certificados incorporaranse ao expediente de cada estudante.

DILIXENCIA para facer constar que o presente “Regulamento de Prácticas Externas do Máster universitario en Avogacía” foi aprobado pola Comisión Académica do devandito Máster o día 10 de xullo de 2014 e publicado oficialmente na páxina web e no tablón de anuncios da Facultade o día 17 de xullo de 2014.



Marta Fernández Prieto

Secretaria da Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía

MODELO DE SOLICITUDE DE PRÁCTICAS EXTERNAS

ANEXO I

Datos do/a estudante:			
Nome completo:		NIF:	
Email:		Teléfono:	
Titulación de acceso:			
Materia na que está matriculado:			
Prácticas Externas Básicas M110205		Prácticas Externas M110301	

Solicito que me adxudique unha praza para realizar o correspondente período de prácticas nas seguintes institucións/empresas (ordenadas segundo a preferencia do alumno/a):

1.º	11.º
2.º	12.º
3.º	13.º
4.º	14.º
5.º	15.º
6.º	16.º
7.º	17.º
8.º	18.º
9.º	19.º
10.º	20.º

Documentación que o alumno/a deberá achegar a esta solicitude:

- Un breve curriculum

En Ourense , a de de

O/A estudante

Sinatura:

SR. COORDINADOR/A PROFESIONAL DO MÁSTER UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA DA FACULTADE DE DEREITO

FORMALIZACION DA PRÁCTICA ACADÉMICA EXTERNA	ANEXO II
--	-----------------

Empresa / Entidade:			
Razón Social:			
Data do Convenio:		CIF:	
Enderezo:		C.P.:	
Localidade:		Provincia:	
Teléfono:		Email:	

Titor/a da Empresa / Entidade:				
Nome completo:			Cargo:	
Email:			Teléfono:	

Datos do/a estudante:				
Nome completo:			NIF:	
Email:			Teléfono:	
Materia na que está matriculado:				
Prácticas Externas Básicas M110205		Prácticas Externas M110301		
Data Inicio Prácticas:		Data Fin Prácticas:		
Horas totais:		Lugar de celebración:		
Horario:				

Proxecto formativo:	
Obxectivos educativos:	

Actividades que se desenvolverán:

COMPROMISO DO/A ESTUDANTE EN PRÁCTICAS

D./Dna. _____ con DNI _____

DECLARO

Que non manteño ningunha relación laboral neste momento nin durante a duración das prácticas coa entidade externa en que as vou desenvolver, sen prexuízo de que estas poidan ser interrompidas para establecer unha relación contractual.

Comprométome a cumprir todas as obrigas estipuladas na normativa que regula a realización de prácticas académicas externas, así como as establecidas no convenio de cooperación educativa.

Comprométome a elaborar un informe final da práctica, de acordo co artigo 14 da Normativa de desenvolvemento das prácticas externas curriculares do Máster universitario en avogacía da Facultade de Dereito.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal a/o estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso a datos de carácter persoal deberá gardar o deber de segredo, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas estas. Así mesmo, poderá asinar coa entidade externa un documento en que se obligue a cumprir co citado deber.

Ourense, _____ de _____ de

(Día) (Mes)

O/A estudante

Ourense, _____ de _____
(Día) (Mes)

O titor/a académico

de

O titor/a da entidade externa

O alumno/a

(Sinatura)

(Sinatura)

(Sinatura)

INFORME DO TITOR DA ENTIDADE EXTERNA

ANEXO III

Empresa / Entidade:

Razón Social:		CIF:	
---------------	--	------	--

Titor/a da Empresa / Entidade:

Nome completo:		NIF:	
----------------	--	------	--

Datos do/a estudante:

Nome completo:		NIF:	
----------------	--	------	--

Materia na que está matriculado:

Prácticas Externas Básicas M110205		Prácticas Externas M110301	
Data Inicio Prácticas:		Data Fin Prácticas:	
Horas inicialmente planificadas:		Horas efectivamente realizadas:	
Ausencias xustificadas:		Ausencias non xustificadas:	

Avaliación individual e pormenorizada:

Craterios a avaliar	Valoración	Puntuación
Capacidade técnica (CE1 CE3 CB6) ¹	De 0 a 10	
Habilidade para o exercicio da profesión (CE2 CT1 CT2 CT3 CB7 CB8) ²	De 0 a 40	
Habilidades de comunicación oral e escrita (CB9) ³	De 0 a 10	
Capacidade de traballo en equipo (CG5) ⁴	De 0 a 10	
Formación adquirida na práctica (CE1 CE2 CE3 CE5) ⁵	De 0 a 10	
Deontoloxía profesional (CG6 CE5) ⁶	De 0 a 20	

Observacións/suxestións:

AVALIACIÓN GLOBAL ⁷ (resultado das avaliacións outorgadas):

En _____, a _____ de _____ de _____.

O/A titor/a da entidade externa

Sinatura:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN INFORME TITOR ENTIDADE EXTERNA

¹Capacidade técnica (CE1, CE3, CB6): (se evalúa de 0-10)

1. Que o alumno sexa capaz de identificar cuestións ou litixios xurídicos, habida conta os coñecementos adquiridos no grao ou licenciatura.
2. Que o alumno sexa capaz de determinar de un modo axeitado: accións susceptibles de ser interpostas; tramitación ante Administracións Públicas e/ou particulares.

²Habilidades e competencias para o exercicio da profesión (CE2, CT1, CT2, CT3, CB7, CB8): (se evalúa de 0-40)

1. Que o alumno sexa capaz de dar un tratamento práctico dos conflitos ou cuestións sometidos a valoración.
2. Que o alumno empregue de maneira eficiente as ferramentas a disposición do avogado: argumentación, axeitado relato dos feitos, motivación xurídica dos feitos, manexo de textos normativos, xurisprudenza, doutrina xudicial ou administrativa, etc.
3. Valoración da iniciativa do alumno.

³Habilidades de comunicación oral e escrita (CB9): (se evalúa de 0-10)

1. Valorarase a capacidade de comunicación oral do alumno cos axentes involucrados: clientes, operadores xudiciais, outros operadores xurídicos, administracións públicas, outros avogados.
2. Valorarase a capacidade de comunicación escrita: habilidades de redacción, ortografía, capacidade de síntese, etc.

⁴Capacidade de traballo en equipo (CG5): (se evalúa de 0-10)

1. Que o alumno sexa capaz de identificar e realizar tarefas en orden a consecución dun obxectivo compartido.
2. Valorarase a capacidade de colaboración do alumno, de intercambio e aproveitamento útil de información e experiencias no grupo.

⁵Formación adquirida na práctica (CE1, CE2, CE3, CE5): (se evalúa de 0-10)

1. Valorarase a progresión/evolución dos coñecementos do alumno, e da súa aplicación, ao longo do período de prácticas.
2. Valorarase a capacidade de aprendizaxe
3. Valorarase que o alumno se implique de xeito persoal no desenvolvemento das prácticas.

⁶Deontoloxía profesional (CG6 CE5): (se evalúa de 0-20)

1. Que o alumno se comporte de xeito ético no desenvolvemento das prácticas.
2. Que o alumno identifique os comportamentos éticos da profesión y defenda a súa aplicación.
3. Que o alumno identifique e integre os comportamentos éticos cos diferentes axentes involucrados: clientes, contrarios, instancias xudiciais, administracións públicas, avogados, sociedade en xeral...
4. Que o alumno coñeza, aplique e integre os dereitos e deberes deontolóxicos profesionais nas relacións do avogado co cliente, outras partes, tribunais, autoridades públicas, outros operadores xurídicos, e especialmente entre avogados.

⁷AVALIACIÓN GLOBAL (resultado da suma das puntuacións outorgadas) (Nota final: o resultado da avaliación global dividirase entre dez)

INFORME DO ESTUDANTE	ANEXO IV
-----------------------------	-----------------

Datos do/a estudante:			
Nome completo:		NIF:	
Materia na que está matriculado:			
Prácticas Externas Básicas M110205		Prácticas Externas M110301	

Datos da Empresa / Entidade:			
Razón Social:		Enderezo:	
Nome do Titor:			

Funcións desenvolvidas:

Avaliación individual e pormenorizada:	
Criterios a avaliar (rechea os que procedan, puntuación de 1 a 10)	Puntuación
Formación adquirida na práctica	
Adecuación das tarefas ao seu perfil profesional e formación	
Oportunidade de desenvolver as súas habilidades e coñecementos	
Integración na empresa/entidade colaboradora	
Seguimento e apoio da práctica polo titor da entidade colaboradora	
Seguimento e apoio da práctica polo titor da Universidade	
Capacidade técnica (CE1 CE3 CB6)	
Habilidade e competencia para o exercicio da profesión (CE2 CT1 CT2 CT3 CB7 CB8)	
Habilidades de comunicación oral e escrita (CB9)	
Capacidade de traballo en equipo (CG5)	
Formación adquirida na práctica (CE1 CE2 CE3 CE5)	
Deontoloxía profesional (CG6 CE5)	

Observacións/suxestións:

AVALIACIÓN GLOBAL (resultado das avaliacións outorgadas):	
--	--

En _____, a _____ de _____ de _____.

O estudante

Sinatura:

INFORME DO TITOR ACADÉMICO	ANEXO V
-----------------------------------	----------------

Datos do titor/a Académico/a:			
Nome completo:		NIF:	
Centro:		Dpto:	

Datos do/a estudante:			
Nome completo:		NIF:	
Materia na que está matriculado:			
Prácticas Externas Básicas M110205		Prácticas Externas M110301	

Datos da Entidade Externa:			
Razón Social:		CIF:	
Nome do Titor:			

Criterios a Avaliar:	
(Criterio 1: 15% prorrateado do total, Criterio 2: 85% prorrateado do total / Puntuación de 1 a 10)	Puntuación
1. Valoración do informe e da memoria do estudante	
2. Avalización global segundo o informe do titor da entidade externa (anexo III)	

Observacións/suxestións:

AVALIACIÓN GLOBAL (resultado das avaliacións outorgadas):	
--	--

En _____, a _____ de _____ de _____.

O/A titor/a académico

Sinatura:

CERTIFICADO ACREDITATIVO DE REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS	ANEXO VI
---	-----------------

Datos do estudante			
Nome e Apelidos:		NIF:	
Materia na que está matriculado:			
Prácticas Externas Básicas M110205	Prácticas Externas M110301		

CARACTERÍSTICAS DA PRÁCTICA

Entidade externa en que realizou a práctica			
Razón social:			
CIF:			
Enderezo postal:			
Código postal:		Localidade:	

Descrición da práctica

--

Funcións desenvolvidas

--

Data Inicio Prácticas:		Data Fin Prácticas:	
Duración (meses):		Duración (horas):	

AVALIACIÓN GLOBAL (de 1 a 10):	
---------------------------------------	--

En _____, a _____ de _____ de 2015.
(Lugar) (Día) (Mes)

O/A titor/a académico/a.
Sinatura:

SECRETARÍA DO CENTRO